

## I. DISPOSICIÓNS XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**11135** *Real decreto lei 9/2018, do 3 de agosto, de medidas urxentes para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero.*

I

A exposición de motivos da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, sinalaba que a violencia de xénero non é un problema que afecte o ámbito privado. Ao contrario, maniféstase como o símbolo máis brutal da desigualdade existente na nosa sociedade. Trátase dunha violencia que se dirixe sobre as mulleres polo feito mesmo de séreno, por seren consideradas, polos seus agresores, carentes dos dereitos mínimos de liberdade, respecto e capacidade de decisión.

O Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a violencia contra a muller e a violencia doméstica, feito en Istambul o 11 de maio de 2011, exige, no seu artigo 5.2, ás partes do convenio que tomen as medidas legislativas e demais necesarias para actuar coa dilixencia debida para previr, investigar, castigar e conceder unha indemnización polos actos de violencia incluídos no ámbito de aplicación daquel.

O 15 de novembro de 2016, o Pleno do Congreso dos Deputados aprobou, por unanimidade, unha proposición non de lei pola que se instaba o Goberno a promover a subscripción dun Pacto de Estado en materia de violencia de xénero polo Goberno da Nación, as comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía e a Federación Española de Municipios e Provincias, que siga impulsando políticas para a erradicación da violencia sobre a muller como unha verdadeira política de Estado. A proposición non de lei establecía a creación, no seo da Comisión de Igualdade do Congreso, dunha subcomisión que tiña como obxectivo elaborar un informe no cal se identifiquen e analicen os problemas que impiden avanzar na erradicación das diferentes formas de violencia de xénero, e no cal se inclúa un conxunto de propostas de actuación, entre elas as principais reformas que deben acometerse para dar cumprimento efectivo a ese fin, así como ás recomendacións dos organismos internacionais. O Congreso, na súa sesión plenaria do 28 de setembro de 2017, aprobou, sen ningún voto en contra, o Informe da Subcomisión para un Pacto de Estado en materia de violencia de xénero.

Pola súa parte, a Comisión de Igualdade do Senado decidiu, o 21 de decembro de 2016, a creación dunha ponencia que estudase e avaliasse, en materia de violencia de xénero, os aspectos de prevención, protección e reparación das vítimas, analizase a estratexia para alcanzar e implementar un Pacto de Estado contra a violencia de xénero e examinase a Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro. O 13 de setembro de 2017, o Pleno do Senado aprobou, por unanimidade, o Informe da Ponencia de Estudo para a elaboración de estratexias contra a violencia de xénero.

Ambos os informes conteñen un conxunto de propostas para previr e combater a violencia contra a muller e a violencia doméstica, e para mellorar na resposta que, desde as institucións, se proporciona ás mulleres vítimas e ás súas fillas e fillos menores ou aos menores baixo a súa garda, tutela ou acollemento.

Segundo a proposición non de lei aprobada o 15 de novembro de 2016, as medidas contidas no informe que supuxesen a modificación de textos legais vixentes debían ser remitidas ás Cortes Xerais nun prazo non superior a seis meses para a súa tramitación.

Transcorrido o dito prazo faise urxente adoptar algunhas medidas necesarias para avanzar na erradicación da violencia de xénero e no logro dunha sociedade libre de violencia sobre as mulleres.

A entidade dos dereitos que hai que preservar, que exige unha resposta inmediata e contundente que protexa a vida e a integridade física, psicolóxica e moral das vítimas desta violación de dereitos fundamentais, non só xustifica a necesidade e urxencia da medida, senón que é unha exigencia de todo Estado de dereito.

## II

A violencia contra as mulleres é a manifestación máis cruel da desigualdade e das relacións de poder dos homes sobre as mulleres. Trátase dunha violencia de natureza estrutural que se dirixe contra a muller polo mesmo feito de selo. Esta violencia menoscaba o disfrute dos seus dereitos humanos e liberdades fundamentais e é un obstáculo para a plena realización da igualdade entre mulleres e homes.

Así o recoñecen os organismos internacionais como a Organización das Nacións Unidas, o Consello de Europa e a Unión Europea, en distintos instrumentos xurídicos ratificados por España. A Declaración sobre a eliminación da violencia contra a muller (Resolución 48/104, do 20 de decembro de 1993), adoptada pola Asemblea Xeral de Nacións Unidas, define a violencia contra a muller como todo acto de violencia baseado na pertenza ao sexo feminino que teña ou poida ter como resultado un dano ou sufrimento físico, sexual ou psicolóxico para a muller, así como as ameazas de tales actos, a coacción ou a privación arbitraria da liberdade, tanto se se producen na vida pública como na vida privada.

A Constitución española recoñece no seu artigo 14 a igualdade ante a lei, sen que poida prevalecer discriminación ningunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. E o artigo 15 recoñece o dereito á vida e á integridade física e moral, sen que, en ningún caso, ninguén poida ser sometido a tortura nin a penas ou tratos inhumanos ou degradantes. Pola súa parte, o artigo 9.2 establece a obrigaición dos poderes públicos de promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas, e remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude.

## III

En España nos últimos anos producíronse avances lexislativos moi significativos en materia de loita contra a violencia sobre a muller. Pola súa especial relevancia, destacan a Lei 27/2003, do 31 de xullo, reguladora da orde de protección das vítimas da violencia doméstica e, sobre todo, a Lei orgánica, 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección Integral contra a violencia de xénero.

A Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, ten por obxecto actuar contra a violencia que, como manifestación da discriminación, a situación de desigualdade e as relacións de poder dos homes sobre as mulleres, exercen sobre estas aqueles que sexan ou fosen os seus cónxuxes ou aqueles que estean ou estivesen ligados a elas por relacións análogas, aínda sen convivencia.

Nos seus trece anos de vixencia, a Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, incorporou tres modificacións operadas, respectivamente, pola Lei 40/2007, do 4 de decembro, de medidas en materia de seguridade social, relativa á disposición adicional primeira sobre pensións de orfandade; pola Lei 42/2015, do 5 de outubro, de reforma da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, relativa ao artigo 20.1 sobre asistencia xurídica gratuíta, e pola Lei orgánica 8/2015, do 22 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia relativa aos artigos 1.2, 61.2, 65 e 66, en relación con fillos e fillas menores de idade e menores suxeitos a tutela ou garda e custodia das vítimas de violencia de xénero.

En 2014, España ratificou o Convenio do Consello de Europa para previr e combater a violencia contra a muller e a violencia doméstica, feito en Istambul o 11 de maio de 2011, que entrou en vigor o 1 de agosto de 2014. O ámbito de aplicación do convenio, que abrangue todas as formas de violencia que afectan as mulleres polo feito de ser muller ou que as afectan de maneira desproporcionada, define a «violencia contra as mulleres»

como unha violación dos dereitos humanos e unha forma de discriminación contra as mulleres, e designa todos os actos de violencia baseados no xénero que implican ou poden implicar para as mulleres danos ou sufrimentos de natureza física, sexual, psicolóxica ou económica, incluídas as ameazas de realizar os ditos actos, a coacción ou a privación arbitraria de liberdade, na vida pública ou privada.

## IV

O artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que, no exercicio da iniciativa lexislativa, as administracións públicas actuarán de acordo cos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia.

En canto aos principios de necesidade e eficiencia, vense plenamente apoiados dado o interese xeral en que se funda, e o real decreto lei é o instrumento máis adecuado para garantir a súa consecución.

Polo que respecta á proporcionalidade, buscou establecer as medidas imprescindibles para atender a necesidade de protección mellorando a asistencia e atención das vítimas da violencia de xénero, e non se poderán estipular outras medidas menos restritivas de dereitos ou que impoñan menos obrigacións aos destinatarios.

Así mesmo, sendo coherente co resto do ordenamento xurídico, supón un marco normativo estable, predicible, integrado, claro e de certeza, que facilita o seu coñecemento e comprensión e, en consecuencia, a actuación e toma de decisións das persoas, polo que se entende que a proposta se adecua ao principio de seguridade xurídica.

En cumprimento do principio de transparencia, a norma identifica claramente o seu propósito e ofrece unha explicación completa do seu contido nesta exposición de motivos.

Finalmente, dado que a norma non impón cargas administrativas e que supón unha clara mellora na protección das vítimas da violencia de xénero e das súas fillas e fillos, enténdese plenamente cumprida a adecuación ao principio de eficiencia.

## V

No marco das propostas formuladas no Informe da Subcomisión do Congreso para un Pacto de Estado en materia de violencia de xénero e no Informe da Ponencia do Senado de Estudo para a elaboración de estratexias contra a violencia de xénero, o presente real decreto lei modifica algúns preceptos da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, que non teñen o dito rango de lei orgánica, así como outros textos normativos, cuxa reforma é urxente para os efectos de dar unha resposta efectiva en relación coa asistencia ás vítimas e aos seus fillos e fillas menores.

A violencia de xénero, como manifestación máis cruel da desigualdade e as relacións de poder dos homes sobre as mulleres, acabou coa vida de 947 mulleres en España desde 2003, ano en que no noso país empezaron a contabilizarse as mulleres asasinadas polas súas parellas ou ex-parellas. Once delas foron asasinadas nos últimos dous meses de xuño e xullo de 2018. Na maioría dos casos as vítimas non denunciaron con anterioridade a violencia e o maltrato que viñan sufrindo. Estes indicadores explican a situación de emerxencia en que nos encontramos e xustifican suficientemente o recurso a un real decreto lei. Desta maneira, a presente reforma ten como obxecto fortalecer a tutela xudicial e o acceso á xustiza e aos recursos de asistencia das vítimas de violencia de xénero, a través da modificación dos artigos 20 e 23. O artigo 20 contén tres tipos de medidas destinadas a mellorar a participación da vítima no proceso penal. Por un lado, refórmase o seu número 4 e engádese un número 5 para reforzar a asistencia xurídica das vítimas, tal e como exige o Pacto de Estado, incluíndo non soamente que os colexios de avogados, senón tamén os de procuradores, adopten as medidas necesarias para a designación urxente de letrados e procuradores de oficio nos procedementos que se sigan por violencia de xénero, que aseguren a súa inmediata presenza para a defensa e representación das vítimas. Por outro lado, engádese un novo número 6 para implementar unha medida do Pacto de Estado referente á habilitación legal do letrado da vítima co fin

de que poida desempeñar a súa representación procesual até a comparecencia da vítima no procedemento, ben que isto debe harmonizarse coa terceira medida consistente na adición dun novo número 7 co obxecto de permitir á vítima comparecer como acusación particular en calquera fase do procedemento.

O artigo 23 da lei orgánica é tamén obxecto de modificación cunha dobre finalidade. Por unha parte, concretar e ampliar os títulos xudiciais habilitantes para acreditar a condición de vítima de violencia de xénero e, por outra parte, establecer outros títulos non xudiciais habilitantes para os casos en que non hai denuncia e, en consecuencia, tampouco existe procedemento xudicial aberto. Como se sinalou, unha porcentaxe elevada das vítimas de violencia de xénero asasinadas non denunciara previamente a situación de maltrato que estaba sufrindo. En 2017, o 76.5 % das mulleres asasinadas non denunciara previamente o seu agresor, de aí a urxencia e a necesidade de ampliar os mecanismos de acreditación das situacións de violencia de xénero. Cabe recordar que o artigo 18.3 do Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a violencia contra a muller e a violencia doméstica exige non supeditar a protección das vítimas de violencia de xénero ao exercicio por parte daquelas de accións legais nin á declaración contra o autor.

Entre as múltiples razóns polas que as vítimas non denuncian a situación de violencia que están sufrindo encóntrase a falta de recursos económicos, un dos factores que lles impide romper o círculo da violencia. Por isto, en relación coas axudas reguladas no artigo 27, o presente real decreto lei, co fin de ampliar as posibilidades de acceso a elas e en consonancia coas propostas formuladas na Ponencia do Senado de Estudo para a elaboración de estratexias contra a violencia de xénero, previuse a compatibilidade destas axudas con outras de carácter autonómico ou local que as vítimas poidan percibir.

## VI

Unha das medidas máis urxentes que hai que levar a cabo no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero é a que expón a necesidade de adoptar as modificacións legais oportunas para que a Administración local poida levar a cabo actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres, así como contra a violencia de xénero, xa que se trata da Administración máis próxima á cidadanía e, por tanto, ás vítimas. Neste sentido, propónse que estas cuestións deberán formar parte do catálogo de materias recollido como de competencia propia dos municipios no artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. Por outra parte, a Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, establece contías específicas destinadas ás entidades locais dirixidas a implementar o Pacto de Estado contra a violencia de xénero.

Todo isto fai imprescindible a modificación da Lei 7/1985, do 2 de abril, para poder permitir o desenvolvemento de políticas contra a violencia de xénero, e que a dita modificación se realice con toda celeridade, para evitar que as posibles actuacións previstas polas entidades locais non poidan ser desenvolvidas pola falta de adaptación das disposicións vixentes, algo que redundaría nun enorme prexuízo para as mulleres vítimas da violencia de xénero, así como para os seus fillos e fillas.

## VII

A protección dos menores, fillas e fillos das mulleres vítimas de violencia de xénero, constitúe un dos eixes do Pacto de Estado que exige unha resposta máis urxente. Segundo a Macroenquisa de violencia contra a muller realizada en 2015, do total de mulleres que sofren ou sufriron violencia física, sexual ou medo das súas parellas ou ex-parellas e que tiñan fillos/as no momento en que se produciron os episodios de violencia, o 63,6% afirmou que os fillos e fillas presenciaron ou escoitaron algunha das situacións de violencia. Das mulleres que contestaron que os seus fillos ou fillas presenciaron ou escoitaron os episodios de violencia, o 92,5% afirmaron que estes eran menores de 18 anos cando sucederon os feitos. Por isto, o presente real decreto lei inclúe unha modificación no artigo 156 do Código civil para dar cumprimento á medida 148 do Informe da Subcomisión

do Congreso, que propón desvincular a intervención psicolóxica con menores expostos a violencia de xénero do exercicio da patria potestade. En concreto, a reforma que afecta o artigo 156 do Código civil ten como obxectivo que a atención e asistencia psicolóxica quede fóra do catálogo de actos que requiren unha decisión común no exercicio da patria potestade, cando calquera dos proxenitores estea incurso nun proceso penal iniciado por atentar contra a vida, a integridade física, a liberdade, a integridade moral ou a liberdade e indemnidade sexual do outro proxenitor ou dos fillos e fillas de ambos.

## VIII

O avanzado das datas en que se adoptan as medidas contidas no presente real decreto lei impide que poidan ser levadas a efecto na súa totalidade no exercicio 2018.

O réxime contido no artigo 86 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, supón que por estas únicas circunstancias se produce un prexuízo en 2019 nas políticas impulsadas no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero.

O curto período de tempo para a execución das medidas e o carácter absolutamente prioritario da loita contra a violencia de xénero aconsellan que, de forma absolutamente excepcional e singular, se exceptúe o réxime contido na regra sexta do artigo 86.2 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, exclusivamente para o exercicio 2018.

## IX

Por outra parte, respéctanse os límites constitucionalmente establecidos para o uso deste instrumento normativo, pois este real decreto lei non afecta o ordenamento das institucións básicas do Estado, os dereitos, deberes e liberdades dos cidadáns regulados no título I da Constitución, o réxime das comunidades autónomas nin o dereito electoral xeral; de feito, unicamente se modifican algunhas disposicións da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e doutras leis naqueles aspectos, propostos no Pacto de Estado, que carecen da condición de materia reservada a lei orgánica.

Ademais, o real decreto lei representa un instrumento constitucionalmente lícito, en canto que pertinente e adecuado para a consecución do fin que xustifica a lexislación de urxencia, que non é outro, tal como reiteradamente exixiu o noso Tribunal Constitucional, que axudar nunha situación concreta, dentro dos obxectivos gobernamentais, que, por razóns difíciles de prever, require unha acción normativa inmediata nun prazo máis breve que o requirido pola vía normal ou polo procedemento de urxencia para a tramitación parlamentaria das leis.

Por tanto, no conxunto e en cada unha das medidas que se adoptan concorren, pola súa natureza e finalidade, as circunstancias de extraordinaria e urxente necesidade que exige o artigo 86 da Constitución española como presupostos habilitantes para a aprobación dun real decreto lei.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución, por proposta da vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 3 de agosto de 2018,

## DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.*

A Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, queda modificada nos seguintes termos:

Un. Modifícase o número 4 e engádense tres novos números 5, 6 e 7 no artigo 20, que queda redactado como segue:

«4. Igualmente, os colexios de avogados adoptarán as medidas necesarias para a designación urxente de letrado ou letrada de oficio nos procedementos que se sigan por violencia de xénero e para asegurar a súa inmediata presenza e asistencia ás vítimas.

5. Os colexios de procuradores adoptarán as medidas necesarias para a designación urxente de procurador ou procuradora nos procedementos que se sigan por violencia de xénero cando a vítima desexa comparecer como acusación particular.

6. O avogado ou avogada designado para a vítima terá tamén habilitación legal para a representación procesual daquela até a designación do procurador ou procuradora, en canto a vítima non comparecese como acusación conforme o disposto no número seguinte. Até entón cumprirá o avogado ou avogada o deber de sinalamento de domicilio para efectos de notificacións e traslados de documentos.

7. As vítimas de violencia de xénero poderán comparecer como acusación particular en calquera momento do procedemento ben que isto non permitirá retrotraer nin reiterar as actuacións xa practicadas antes da súa comparecencia, nin poderá supor unha mingua do dereito de defensa do acusado.»

Dous. Modifícase o artigo 23, que queda redactado como segue:

«Artigo 23. *Acreditación das situacións de violencia de xénero.*

As situacións de violencia de xénero que dan lugar ao recoñecemento dos dereitos regulados neste capítulo acreditaranse mediante unha sentenza condenatoria por un delito de violencia de xénero, unha orde de protección ou calquera outra resolución xudicial que acorde unha medida cautelar a favor da vítima, ou ben polo informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de que a demandante é vítima de violencia de xénero. Tamén poderán acreditarse as situacións de violencia de xénero mediante informe dos servizos sociais, dos servizos especializados ou dos servizos de acollida destinados a vítimas de violencia de xénero da Administración pública competente, ou por calquera outro título, sempre que isto estea previsto nas disposicións normativas de carácter sectorial que regulen o acceso a cada un dos dereitos e recursos.

O Goberno e as comunidades autónomas, no marco da Conferencia Sectorial de Igualdade, deseñarán, de común acordo, os procedementos básicos que permitan pór en marcha os sistemas de acreditación das situacións de violencia de xénero.»

Tres. Modifícanse os números 2 e 5 do artigo 27, que quedan redactados como segue:

«2. O importe desta axuda será equivalente ao de seis meses de subsidio por desemprego. Cando a vítima da violencia exercida contra a muller teña recoñecida oficialmente unha discapacidade en grao igual ou superior ao 33 por 100, o importe será equivalente a doce meses de subsidio por desemprego.

(...)

5. Estas axudas serán compatibles con calquera das previstas na Lei 35/1995, do 11 de decembro, de axudas e asistencia ás vítimas de delitos violentos e contra a liberdade sexual, así como con calquera outra axuda económica de carácter autonómico ou local concedida pola situación de violencia de xénero.»

Disposición adicional única. *Réxime excepcional aplicable aos remanentes non comprometidos.*

Con carácter excepcional, limitado exclusivamente ás subvencións previstas nos créditos 26.15.231F.450, correspondentes aos orzamentos xerais do Estado para 2018, non resultará de aplicación o disposto na regra sexta do artigo 86.2 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, aos remanentes non comprometidos resultantes ao final do exercicio.

Disposición transitoria primeira. *Aplicabilidade dos medios de acreditación das situacións de violencia de xénero exercida sobre as traballadoras previstos no artigo 23 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.*

Os novos medios de acreditación das situacións de violencia de xénero previstos na nova redacción que se dá ao artigo 23 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, no número dous do artigo único do presente real decreto lei serán aplicables só respecto de solicitudes de recoñecemento de dereitos motivadas por situacións de violencia de xénero que tivesen lugar con posterioridade á entrada en vigor deste real decreto lei, incluídas aquelas que, iniciadas con anterioridade a el, se manteñan tras este e sexan acreditadas por algún dos medios previstos no mencionado artigo 23.

Disposición transitoria segunda. *Normativa aplicable aos procedementos xudiciais xa iniciados.*

Os procedementos xudiciais iniciados con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto lei rexeranse pola normativa vixente no momento do seu inicio.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas todas as normas de igual ou inferior rango no que contradigan ou se opoñan ao disposto no presente real decreto lei.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.*

Engádesse unha letra o) ao número 2 do artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, coa seguinte redacción:

«o) Actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres, así como contra a violencia de xénero.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación do artigo 156 do Código civil.*

Engádesse un novo parágrafo segundo no artigo 156 do Código civil, coa seguinte redacción:

«Ditada unha sentenza condenatoria e mentres non se extinga a responsabilidade penal ou iniciado un procedemento penal contra un dos proxenitores por atentar contra a vida, a integridade física, a liberdade, a integridade moral ou a liberdade e indemnidade sexual dos fillos ou fillas comúns menores de idade, ou por atentar contra o outro proxenitor, bastará o consentimento deste para a atención e asistencia psicolóxica dos fillos e fillas menores de idade, debendo o primeiro ser informado previamente. Se a asistencia houbera que prestala aos fillos e fillas maiores de dezaseis anos, precisarase, en todo caso, o consentimento expreso destes.»

Disposición derradeira terceira. *Distribución dos fondos destinados ao cumprimento do Pacto de Estado en materia de violencia de xénero asignados aos concellos para programas dirixidos á erradicación da violencia de xénero.*

1. Os fondos destinados ao cumprimento do Pacto de Estado en materia de violencia de xénero asignados, vía transferencia finalista e directa, ou a través doutras entidades locais, aos concellos para programas dirixidos á erradicación da violencia de xénero, previstos na disposición derradeira sexta da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos

xerais do Estado para o ano 2018, así como os fondos asignados en posteriores leis de orzamentos, distribuiranse segundo os seguintes criterios:

- a) Unha cantidade fixa por municipio.  
A contía para o ano 2018 será de 689 euros.
- b) Unha cantidade fixa, en función do número de habitantes de dereito do municipio.  
A cifra de habitantes de dereito será a de poboación do padrón municipal vixente en 1 de xaneiro de 2017 e oficialmente aprobado polo Goberno.  
A contía para o ano 2018 será de 0,18 euros por habitante.
- c) O importe da transferencia virá dado pola suma das contías anteriormente sinaladas.

O remanente que exista despois da anterior repartición distribuirase proporcionalmente entre todos os municipios incorporados ao Sistema de seguimento integral nos casos de violencia de xénero en data 1 de xullo do ano a que corresponda a asignación do fondo.

2. Os fondos deberán destinarse a programas dirixidos á erradicación da violencia de xénero.

3. Habilítase o Goberno para que, mediante real decreto do Consello de Ministros, modifique as contías que se distribuirán, os criterios e o procedemento de distribución.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

O establecido no número tres do artigo único, polo que se modifica o número 5 do artigo 27, en relación coa compatibilidade das axudas económicas establecidas no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, con calquera outra axuda económica de carácter autonómico ou local, terá efectos e será aplicable a partir da data de entrada en vigor deste real decreto lei.

Dado en Palma o 3 de agosto de 2018.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,  
PEDRO SÁNCHEZ PÉREZ-CASTEJÓN